



“IMPLANTACIÓN DUNHA ALIMENTACIÓN NATURAL EN BASE AO EMPREGO DE ÁCIDOS ORGÁNICOS E EXTRACTOS DE PRANTA” (FEADER 2017/002A).

Entidades Participantes: Cooperativas Ourenšanas S.Coop. Gal - Coren e Centro Tecnolóxico da Carne - CTC

Duración: Setembro 2017 a outubro 2019

Axuda Concedida: A axuda concedida para o proxecto é de 63.160 euros, e está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural, a Xunta de Galicia e o MAPAMA.

O proxecto de innovación titulado “Implantación dunha alimentación natural en base ao emprego de ácidos orgánicos e extractos de planta” está liderado polo grupo COREN e promove a produción avícola de carne de polo broiler prescindindo do uso de coccidiostatos na súa alimentación, tratando de conxugar a mellora da eficiencia dixestiva dos alimentos, co benestar e o rendemento produtivo dos animais.

O ensaio proposto pretende unha modificación na alimentación dos animais. O plan experimental que se levará a cabo consistirá na administración de dous extractos de plantas, compostos por aceites esenciais e ácidos orgánicos, incorporándoos aos pensos que recibirán os polos, comparándose cos animais criados mediante o sistema actual, cuxa alimentación non incorpora a adición destes extractos.

A empresa **Cooperativas Ourenšanas S.C.G.** coordina o proxecto e encárgase tanto das actividades de crianza dos polos e seguimento das probas, coma da avaliación das probas e control dos resultados comparativamente. O proxecto conta co apoio do **Centro Tecnolóxico da Carne** para o estudo da calidade de carne e do efecto dos extractos empregados no que respecta a súa a actividade antioxidante.

Este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia e do FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) mediante o programa de axudas para proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal.

Proyecto financiado por:

